

O sector manufacturero galego está sufrindo fortes presións de grande impacto na súa capacidade para xerar valor e emprego. Por unha banda, aínda con certos altibaixos, existe unha crecente integración económica –alén da europeización da nosa economía– motivada pola espectacular redución dos custos de transporte e comunicación, así como pola diminución das barreiras técnicas e legais ao intercambio internacional de bens, servizos, capital, coñecemento e, en menor medida, persoas. A próxima xeira de desprazamentos de emprego non provirá, porén, da rivalidade internacional, e moito menos de relocalizacións da produción en lugares próximos a Galicia. O ritmo implacable da automatización estanos aproximando a un cambio de paradigma de consecuencias dificilmente previsibles sobre a cantidade e a cualificación do emprego.

Neste contexto, o Consello Económico e Social de Galicia decidiu liderar unha iniciativa participativa, denominada “POR UNHA ALIANZA NO SECTOR INDUSTRIAL GALEGO”, que busca canalizar e intensificar a capacidade de diálogo dos interlocutores económicos e sociais para cooperar no desenvolvemento dunha política industrial de longo prazo que asegure un crecemento económico inclusivo. Este informe, xa que logo, representa un dos fitos principais desta iniciativa e recolle unha parte do traballo realizado. Alén dun primeiro bloque de capítulos de contexto que sitúan o papel do sector industrial e das políticas que lle afectan, recóllese posteriormente unha diagnose e 50 propostas arredor de cinco áreas temáticas: (1) regulación das condicións marco; (2) factores territoriais de competitividade; (3) capital humano e relacións laborais; (4) investigación e innovación; e (5) investimento e atracción/retención de capitais.

POR UNHA ALIANZA NO SECTOR INDUSTRIAL GALEGO: 50 PROPOSTAS

Colección Informes 1/17

POR UNHA ALIANZA NO SECTOR INDUSTRIAL GALEGO:
50 PROPOSTAS

